



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0205	Audición e comunicación verbal	2024/2025	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	REBECA MORALEJO SILVA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación de soporte necesaria para coñecer as características perceptivas das persoas hipoacúsicas.

O coñecemento das características perceptivas destas persoas abrangue aspectos como:

*Recoñecemento do proceso da produción da voz.

*Identificación de aspectos de fonética e fonoloxía.

*Recoñecemento das fases evolutivas do desenvolvemento da linguaxe normalizada na poboación infantil normooínte e en cativos e cativas con perda auditiva.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

*Gabinetes audioprotésicos.

*Clínicas audiolóxicas.

*Servizos de otorrinolaringoloxía de hospital.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a) e c) do ciclo formativo, e as competencias a), i), n) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

*Identificación de estruturas anatómicas sobre modelos.

*Descrición do desenvolvemento normalizado da linguaxe e o proceso de desenvolvemento da linguaxe na poboación infantil con perda auditiva, con apoio en observacións reais e en gravacións de vídeo.

*Utilización de paquetes informáticos de laboratorio da voz.

As TIC e o idioma comunitario máis acaído aos contidos do módulo integraranse no proceso de ensino e aprendizaxe por parte tanto do alumnado como do profesorado, cando sexa pertinente.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía da larinxe	Aspectos anatómicos básicos do órgano da larinxe.	10	18



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	Anatomofisioloxía do aparello fonador	Anatomía do aparello fonador e mecanismo de fonación. Fonética e fonoloxía.	8	16
3	Elementos lingüísticos	Construción das linguas: elementos e características.	9	16
4	Comunicación e linguaxe	Teorías e modelos sobre o desenvolvemento da linguaxe: ontoxenia e funcións. Desenvolvemento da linguaxe en nenos/as con hipoacusia.	8	16
5	Detección precoz da hipoacusia infantil	Detección precoz da hipoacusia infantil e desenvolvemento da linguaxe.	9	16
6	A valoración logodaudiométrica	Valoración da hipoacusia no contexto comunicacional.	9	18

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía da larinxe	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a anatomía da larinxe.
CA1.3 Describiuse a anatomía e a fisioloxía do aparello fonoarticulatorio.
CA1.3.1 Describiuse a anatomía do aparello fonoarticulatorio
CA1.6 Relacionouse a anatomía do aparello fonoarticulatorio coa produción de voz.



4.1.e) Contidos

Contidos
Anatomía da larinxe.
Anatomía e fisioloxía do aparello fonoarticular.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Anatomofisioloxía do aparello fonador	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.	NO
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Precísáronse os mecanismos da fisioloxía da larinxe.
CA1.3 Describiuse a anatomía e a fisioloxía do aparello fonoarticulario.
CA1.3.2 Describiuse a fisioloxía do aparello fonoarticulario
CA1.4 Descríbironse as teorías de produción da voz.
CA1.5 Enumeráronse as características acústicas da voz.
CA2.3 Descríbironse as características fonolóxicas, fonéticas e de redundancia de cada lingua.



4.2.e) Contidos

Contidos
Fisioloxía da larinxe.
Anatomía e fisioloxía do aparello fonoarticular.
Características acústicas da voz.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elementos lingüísticos	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse os elementos estruturais de cada lingua segundo a súa importancia na comunicación da persoa hipoacúsica.
CA2.2 Clasifícanse os sons da fala de cada lingua respecto dos puntos articulatorios e precisáronse os principais déficits de expresión oral en persoas con perda auditiva.
CA2.3 Descríbense as características fonolóxicas, fonéticas e de redundancia de cada lingua.
CA2.4 Explicáronse os aspectos lingüísticos relacionados coas formas de expresión oral máis frecuentemente utilizados polas persoas con hipoacusia.
CA2.5 Clasifícanse os niveis da linguaxe.
CA2.7 Explicáronse os aspectos relacionados co bilingüismo galego-castelán.



4.3.e) Contidos

Contidos
Linguaxe e comunicación.
Características do signo lingüístico.
Clasificación articulatoria dos sons da fala.
Bilingüismo galego-castelán

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Comunicación e linguaxe	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.	NO
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Enumeráronse as teorías acerca do desenvolvemento da linguaxe.
CA3.1 Definíronse as etapas evolutivas do desenvolvemento da linguaxe en cativos e cativas oíntes.
CA3.2 Considerouse a influencia dos estímulos no desenvolvemento da linguaxe falada.
CA3.4 Identificáronse as implicacións no desenvolvemento da linguaxe falada segundo a idade de diagnóstico e a intervención na hipoacusia.



4.4.e) Contidos

Contidos
Linguaxe e comunicación. Características do signo lingüístico. Relación entre linguaxe e pensamento. Percepción continua e categorial. Comprensión. Transmisión da fala. Estrutura acústica das vogais e das consoantes nas linguas galega e castelá. Clasificación acústica dos sons da fala nas linguas galega e castelá.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Detección precoz da hipoacusia infantil	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Relacionouse o inicio da hipoacusia co desenvolvemento da fala en nenos e nenas con hipoacusia.
CA3.5 Descríronse as modificacións do desenvolvemento da linguaxe segundo o tipo e o grao de hipoacusia.



Criterios de avaliación
CA3.5.1 Descríbense as probas audiolóxicas obxectivas que teñen como fin determinar o tipo e grao de hipoacusia
CA3.5.2 Descríbense as modificacións no desenvolvemento da linguaxe en nenos e nenas segundo o tipo de hipoacusia
CA3.5.3 Descríbense as modificacións no desenvolvemento da linguaxe en nenos e nenas segundo o grao de hipoacusia
CA3.6 Descríbiuse o desenvolvemento cognitivo en cativos e cativas con xordeira.

4.5.e) Contidos

Contidos
Audición e desenvolvemento da linguaxe falada.
Xordeira prelocutiva e desenvolvemento da linguaxe falada.
Contorno do cativo ou da cativa con xordeira como factor salientable no seu desenvolvemento.
Relación entre linguaxe e pensamento.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A valoración logoaudiométrica	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os sons da fala nas linguas galega e castelá, e determina a importancia de cada un respecto da perda auditiva.	SI



4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Explicáronse os principais elementos acústicos que definen a intelixibilidade da lingua falada.
CA4.2 Clasifícanse os sons da fala en función do seu espectro acústico, e determinouse o seu grao de intelixibilidade.
CA4.3 Interpretouse a curva audiométrica e definíronse correctamente os patróns perceptivos da perda auditiva.
CA4.4 Identifícanse factores non patolóxicos e patolóxicos non auditivos que inflúen na avaliación auditiva
CA4.5 Descríbense as características do material verbal utilizado na logaudiometría.
CA4.6 Descríbiuse a estrutura acústica dos sons da fala e especificáronse os límites perceptivos nos graos e nos tipos de hipoacusia.

4.6.e) Contidos

Contidos
Estrutura acústica das vogais e das consoantes nas linguas galega e castelá.
Clasificación acústica dos sons da fala nas linguas galega e castelá.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles que debe acadar o alumnado son os que aparecen en cada unidade didáctica.

Os criterios de cualificación de cada trimestre son:

- Tarefas para a avaliación de contidos de cada unidade didáctica que consistirán en: elaboración de traballos escritos e/ou expositivos, análises de artigos científicos, identificación de láminas anatómicas e imaxes, resolución de pequenos cuestionarios etc. Ponderación na nota 10 %



- Proba/s escrita/s teórica/s para a avaliación dos contidos conceptuais de todas as unidades didácticas impartidas en cada trimestre. Esta proba consistirá en preguntas tipo test e/ou preguntas curtas e/ou interpretación de láminas anatómicas, imaxes e/ou logaudiogramas. Ponderación na nota 90%.

Tanto as tarefas como as probas escritas cualifícanse por separado, cunha nota entre 1-10.

No caso de que durante o trimestre se realicen varias probas escritas, a nota obtida en cada unha delas debe ser como mínimo de 5 puntos para poder realizar a media e obter así a nota final do apartado de proba escrita. No caso contrario, a nota máxima no apartado de proba escrita será de 4 puntos tendo que recuperar no exame final as unidades didácticas non superadas.

A nota da avaliación trimestral do módulo será o resultado da media ponderada de cada un dos apartados cualificados (Tarefas 10% e proba escrita 90%). Para facer a ponderación correspondente é preciso obter unha nota final no apartado de proba escrita de 5 puntos ou superior. No caso de non alcanzar polo menos 5 puntos no apartado de proba escrita, a cualificación máxima desa avaliación será un 4, tendo que recuperar no exame final as unidades didácticas non superadas.

A cualificación final do módulo corresponderá á media ponderada entre os pesos de cada UD, reflexados no punto 3 desta programación, e os resultados acadados en cada unha delas.

O alumnado que chegue á aula 10 minutos tarde para a realización de tarefas ou proba teórica non poderá facela e terá unha cualificación de 1. Así mesmo, calquera intento de fraude durante a realización das probas ou tarefas levará á expulsión do/a alumno/a e á cualificación da proba cun 1. Está prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As avaliacións deben permitir na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits de adquisición dos contidos por parte do alumnado, e polo tanto, identificar as causas e as medidas correctoras. Se esas medidas fosen insuficientes e parte do alumnado non superase o módulo, realizaranse actividades de recuperación tal e como contempla o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 1022).

Ao alumnado que teña algunha unidade didáctica pendente entre a 3ª avaliación parcial e a final, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación, deseñadas en base ao informe individualizado, elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación.

Estas actividades de recuperación consistirán no repaso da materia pendente coa axuda de cuestionarios, realización de esquemas e resumos, interpretación de láminas, etc.

No mes de xuño realizarán unha proba escrita teórico-práctica de recuperación de todos os CA pendentes. Esta proba consistirá en preguntas tipo test e/ou preguntas curtas e/ou interpretación de láminas e/ou



imaxes.

A cualificación desta proba final estará entre 1-10 puntos e será o 100% do peso da cualificación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da citada Orde do 12 de xullo de 2011.

A proba extraordinaria de avaliación final do módulo para este alumnado con perda de dereito á avaliación continua consistirá en:

- Proba escrita teórico-práctica que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada unidade didáctica e ás súas actividades.

A nota final do módulo será o 100% da cualificación acadada nesta proba final extraordinaria.

O alumnado que chegue 10 minutos tarde á realización desta proba final non poderá examinarse e terá unha cualificación de 1 punto. Así mesmo, calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno/a e cualificación de 1 punto. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Procedemento sobre o seguimento da programación.

A profesora, día a día, irá recollendo información sobre o desenvolvemento da programación, o proceso de ensinanza e o logro dos obxectivos propostos ao inicio do módulo no caderno de aula da profesora e nos seguimentos das programacións, de tal maneira que lle permita valorar a necesidade de introducir modificacións que se xustificarán, ou mantela tal e como se prevera.

Ao finalizar cada unidade didáctica, de ser o caso, fariáanse as adaptacións pertinentes e xustificadas na temporalización ou na metodoloxía ou nos recursos ou incluso nas actividades a realizar durante o propio curso, sempre mantendo informado ao alumnado.

O seguimento da programación servirá tamén para facer unha proposta de mellora para a programación do curso que vén.

Avaliación da práctica docente.

Neste grupo, a enquisa da práctica docente que se lle pasa ao alumnado a finais de cada trimestre, servirá para facer unha avaliación do traballo docente realizado de cara ao seguinte trimestre e aos novos cursos.



Ademais, ao longo das semanas, intercambiaranse co alumnado valoracións sobre a metodoloxía e os recursos utilizados nas clases, a súa participación e seguimento, tendo en conta tamén os resultados das actividades e probas que se vaian facendo, de forma que ambas partes poidan propor cambios sobre os que finalmente decidirá a profesora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A Avaliación inicial aplicarase ao comezo do curso.

Ten un carácter diagnosticador e pronosticador, xa que serve para constatar o nivel do alumno e a alumna antes de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe respecto, sobre todo, a coñecementos previos relacionados co módulo e necesarios para poder afrontalo, e tamen respecto aos contidos que se van a impartir neste módulo. Será o inicio do proceso de avaliación continua.

O procedemento será a realización dunha proba escrita individual con diversas cuestións sobre os contidos das unidades didácticas do módulo.

Esta proba revisarase e informarase ao alumnado dos resultados, por se houberse a necesidade de repasar algún contido de módulos previos que puidera ser necesario para este módulo.

Ao final de curso, darase a cada alumno e alumna as probas realizadas para que eles mesmos poidan valorara o seu avance e mellora nestes contidos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo seguintes serán individualizadas segundo as características do alumno ou alumna:

- Realización polo alumno/a de esquemas sobre os apuntes da clase .
- Repaso dos contidos e resolución de dúbidas de forma individual.
- Traballo con supostos hipotéticos coa profesora.
- Revisión coa profesora de actividades realizadas polo alumno/a de forma voluntaria.
- Realización de actividades con outros alumnos e alumnas en grupos constituídos pola profesora que poidan ser positivos para o reforzo.

Estas actividades poderanse realizar nos recreos (fora do horario da clase) nalgún caso, sempre a petición do alumno ou alumna, e se a profesora ten dispoñibilidade dese tempo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso trataranse os seguintes temas:

- Reflexionar sobre a adopción de estilos de vida axeitados.
- Educación para a saúde. Respeto pola saúde persoal e colectiva.



- En cada Unidade Didáctica farase educación sanitaria cando se fale de patoloxías e de cómo se poden previr.
- Desenvolver a conciencia medioambiental para o cal fomentaremos os hábitos de recoxida dos lixos , papel ,plásticos etc.
- Consciencia da necesidade de traballar conforme aos protocolos marcados para a prevención dos riscos laborais.
- Toma de conciencia dos valores personais.
- Igualdade ante as diferencias socioculturais e trato non discriminatorio en todos os aspectos inherentes á relación escolar e laboral.
- Actitude emprendedora e creativa para adaptarse ás propias necesidades e aspiracións.
- Preocupación polo mantemento da ética profesional.
- Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración do alumnado con discapacidade.
- Consciencia de importancia do segredo profesional

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia a charlas, obradoiro de lingua de signos, visitas, seminarios, congresos, xornadas... con temáticas relacionadas co sector sanitario e/ou co ciclo que xurdan ao longo do curso.